



Maio 2006

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Aldea Global

Descubren que a crise da gripe aviaria é unha estafa global

Prestixiosas publicacións coma Discovery Saúde denunciaron as vinculacións entre o remedio milagreiro para a gripe aviaria -o Tamiflu- e o Secretario de Defensa dos Estados Unidos, Donald Rumsfeld, que é un dos principais accionistas da empresa que patentou o medicamento e está a amasar unha fortuna grazas ao medo. **Páx. 7**

■ Viño

O SLG promove o viño do Barbanza cun curso técnico

En colaboración coa Asociación de Viticultores de Arousa Norte, e co apoio da Deputación da Coruña, o SLG desenvolveu en abril un curso de vitivinicultura en Boiro. Con esta actividade pretendeuse apoiar unha zona vinícola que aínda non ten o recoñecemento que merece. **Páx. 11**

■ Mulleres

As labregas brasileiras en pé de guerra contra os eucaliptos

Aproveitando a celebración do 8 de marzo, 2.000 labregas brasileiras ocuparon un viveiro da empresa Aracruz Celulosa, responsable do desastre ecolóxico que supón promover plantacións masivas de eucalipto. A represión policial e mediática contra elas non tivo paliativos. **Páx. 12**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

As mobilizacións para esixir un prezo digno para o leite recruarán no mes de maio

■ As industrias leiteiras teimaron, nas últimas mesas do viño, en manter a baixada nos prezos do leite, algo que o Sindicato Labrego Galego non está disposto a consentir.

■ As tres organizacións agrarias acordaron tres días de folga de entregas de leite, que coincidirán con concentracións permanentes ante as industrias para o 29, 30 e 31 de maio. **Páx. 4**



Os investimentos de Medio Rural na Limia crean expectativas no sector da pataca

A sementeira é unha das épocas máis importantes no calendario do sector da pataca. Nela, labregos e labregas asumen boa parte dos investimentos da campaña, e enterran nas leiras as súas esperanzas e o seu futuro inmediato. Ata o de agora, esas espe-

ranzas e ese futuro estaban sometidos aos caprichos do mercado, dos almacenistas e do clima. O cambio de actitude da nova Consellería de Medio Rural de cara á bisbarra limiá semella que podería facer mudar esta permanente incerteza. **Páxs. 2 a 3**



Unión de Empresari@s, comerciantes e sindicatos contra Carrefour

O 21 de abril, a sede nacional do Sindicato Labrego Galego serviu para reunir a organizacións empresariais, de comerciantes e sindicatos da bisbarra compostelá baixo un propósito común: organizar a oposición contra a superficie

comercial promovida por Carrefour na n'As Cencas, en Santiago. Agora mesmo, quecen os motores dunha campaña na que se chegará á cidadanía, á Consellería de Industria, e aos partidos gobernantes. **Páx. 5**

O SLG participa na elaboración da estratexia contra os OXMs no Estado

O Seminario de Medio Ambiente organizado pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) en Madrid, o pasado 25 de abril, serviu para sentar as bases estratéxicas da loita contra a proliferación de Organismos

Xeneticamente Manipulados (OXMs) no Estado español. Avalan esta fronte de resistencia non só o SLG e a COAG, pois tamén acudiron ao encontro organizacións como Amigos da Terra ou a SEAE. **Páx. 13**



Medio Rural anuncia máis de seis millóns de euros para A Limia

A nova crea expectativas nun sector, o da pataca, que aínda non veu solucionados os principais problemas

A rendibilidade do sector pataqueiro depende de máis do azar: as choivas, as colleitas de Francia, ou o capricho avarento dos almacénistas, son factores que, segundo combinan, poden dar unha campaña ruinosa ou

os cartos xustos para pagar o traballo labrego. Agora, semella que pode virar o esquecemento desta bisbarra por parte da Xunta; alomenos iso indican os máis de seis millóns de euros que Medio Rural investirá aquí.

A última campaña de pataca na Limia non foi das peores. A mala colleita fixo que os prezos fixados roldasen as vinte pesetas, un valor co que a actividade pode resultar rendíbel. Non aconteceu así hai dous anos, cando as adversidades do clima arruinaran o traballo de todo un ano; ou no 2003, cando se tiveron que sacar os tractores á rúa para protestar polos prezos de miseria.

É o sino deste sector, sometido a fondas crises periódicas, demasiado dependente do azar, e vítima de prácticas fraudulentas dos intermediarios. Explicao Anxo Pérez Rúa, responsable do sector da pataca do SLG: "Cando hai excedentes, hai crise; e cando non os hai, todo vai ben. Agora mesmo, o sector está totalmente sen regular, o que propicia unha intensa actividade especulativa na distribución. Pódese dicir que os intermediarios que hai na zona estanlles a facer unha competencia desleal aos agricultores, mesmo traendo pataca de Castela e envasándoa como pataca da Limia". A solución a todo isto sábese tanto no



O Conselleiro de Medio Rural visitou, recentemente, as obras de regadío na bisbarra d'A Limia

sector, coma no Sindicato Labrego: a creación dun contrato homologado e a regulación do mercado.

Tamén neste sector a globalización da economía crea situacións aberrantes, coma o feito de que haxa problemas de venda en Galiza cando non producimos nin o 20% da pataca que consumimos. A razón fundamental é

a entrada de tubérculo excedentario a baixo prezo de terceiros países.

Segundo Rúa, "unha das prioridades para a pataca de Galiza debería ser abastecer o noso consumo interno. No noso país somos deficitarios na produción de pataca, e a maior parte vén de fóra, polo que o único que pedimos é deixar que os nosos produ-

tores abastezan o noso propio mercado. Pero iso non é posible porque sufrimos unha competencia desleal con patacas baratas de peor calidade cás nosas. Nós imos termando porque temos unha calidade recoñecida na Península e abastecemos a industrias de cidades tan dispares coma Barcelona, Madrid, Burgos ou Lisboa".

Cartos para infraestruturas e moz@s

Aínda que a situación do sector pataqueiro non é demasiado boa, semella que a actitude da Xunta cara a el ten trocado co cambio de goberno. Así, o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, coincidindo coa época de sementeira, visitou as obras de regadío. Foi o pasado 28 de abril, e aproveitou para anunciar novos investimentos no agro limiao.

En principio, Medio Rural gastará 186.957 euros nun proxecto de sondaxes e piezómetros para determinar a capacidade do acuífero das novas zonas destinadas a regadío na Limia, máis 27.898 euros para os estudos de impacto ambiental.

Esta acción afectará a 3.200 hectáreas divididas en tres proxectos: un na Baixa Limia, con 1.089 ha; o segundo

na Alta Limia, con 902 ha; e o terceiro na zona de entre ríos, con 1.217 ha.

A todos estes investimentos, centados nas obras de regadío, habería que engadir 161.893 euros para asumir o custe de ampliación da subestación eléctrica de Xinzo de Limia e os enganches na rede de media tensión, obras necesarias para reforzar o abastecemento eléctrico do equipo de bombeo para o regar.

Outra das medidas para o sector pataqueiro que se está a desenvolver é a produción de pataca de sementeira: 300 hectáreas en rotación de tres anos para producir semente das variedades Kennebec, Agria, e un híbrido autóctono en fase de investigación. Medio Rural porá o 52%, e o 48% restante os produtores e produtoras.

Plans de mellora e incorporación da mocidade

Ademais do anterior, tamén se contempla unha partida de 4.605.000 euros para financiar a primeira instalación de mozos e mozas, plans de mellora e de cesamento anticipado: 4.180.000 euros para plans de mellora; e 420.000 euros para apoiar a primeira instalación de xente nova, sobre todo en explotacións avícolas, de porcino e de cereais. Un dato positivo foi que, en toda a Limia, só houbo unha solicitude de cesamento anticipado.

Medio Rural complementará os investimentos nesta comarca con 394.000 euros nas parcelarias de Baltar, Calvos de Randín, Trasmiras e Vilar de Barrio; máis 1.325.000 euros en infraestruturas para outros dez concellos.

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SÁLNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047


Pataqueir@s comparten con Fouce os seus principais problemas e anxeios

Patacas a catro patacóns

Son moitos e moitas, pero teñen unha voz común á hora de enumerar os seus problemas: prezos baixos, aumento desorbitado dos custes de produción, a entrada de pataca francesa como fac-

tor de afundimento dos mercados, ou almacenistas e distribución como principais beneficiarios dunha cadea na que sempre se enriquecen os mesmos, e sempre racha o elo máis feble:

os labregos e as labregas. Collemos a tres en pleno labor de sementeira, sen moita confianza en que a situación mellore, pero cun indubidable amor á profesión. Velaí as súas testemuñas.

**Xosé Manuel Conde, Pena (Xinzo de Limia)**

“Habería que xuntarse en cooperativas e eliminar a intermediarios e almacenistas”

Para Xosé Manuel, que este ano botará 16 hectáreas de cereal e 12 de pataca, “temos o mesmo problema de sempre: os prezos”. E di isto cando “o ano pasado tivemos unha boa campaña, con prezos de ata 15 céntimos o quilo”. Asegura que “non é que sexa un bo prezo, pero dá para defenderse”.

O principal temor de Xosé Manuel é que “como traían pataca de Francia, entón xa non temos nada que facer”. Segundo explica que “a entrada de pataca francesa afunde o mercado. O ano pasado cadrou que en Francia houbo unha caída da produción, e aquí tamén, polo que os prezos se mantiveron”.

De todos xeitos, o normal é que os prezos sexan baixos. Neste senso, Xosé Manuel matiza que son “prezos baixos para nós, pois quen consume patacas paga prezos máis ben altos”. Aí non dubida á hora de acusar aos intermediarios, que son “os que se están a levar os beneficios. Hai un par de anos pagáronnos as patacas a 6 céntimos por quilo, mentres que nos supermercados se vendían a 60 céntimos”. A solución que propón é a de “eliminar aos intermediarios e aos almacenistas”, para o cal habería que “xuntarse en cooperativas, para poder mercar nós e comercializar directamente”.

Dina Fiz García, Vilaseca, Trasmiras

“Da miña xeración, só un compañeiro ficou traballando no sector da pataca”

Atopamos a Dina ao volante do tractor, en pleno labor de fresado das vinte hectáreas que traballa a súa familia. Ela é unha das poucas persoas da súa xeración que apostou por darlle relevo á explotación familiar, hoxe a nome da nai. Neste senso, contounos que, na bisbarra da Limia, “a mocidade adoita a abandonar a actividade agraria. Aquí, a xente nova foise, moitos a traballar de camareiros. Meus irmáns, por exemplo, traballan nun taller. Da miña xeración, só un compañeiro se dedica a isto cunha explotación ao seu nome. As miñas amigas, están todas estudiando en Santiago”.

A súa queixa é a mesma de todo o sector: “O maior problema que temos é o do prezo. Todo sobe, agás a pataca, que mantén o mesmo valor que hai dez ou quince anos”. Dina non o dubida á hora de afirmar que “un dos principais motivos destes prezos baixos é que nos deixamos manipular polos almacenistas, e así temos que facer o que eles nos digan pois, senón, non temos a quen venderlle”. Para que a actividade sexa rendible, Dina pensa que “o prezo mínimo non debería baixar das 20 pesetas”, e tamén ve unha posible saída á situación actual “a constitución de cooperativas”.

**Serafín Ramos Díaz, Pena, Xinzo de Limia**

“Con prezos menores de 20 pesetas, cómpren moitas hectáreas para sacar un soldo”

O de Serafín son os números. Foi falar, e poñerse a debullar polo miúdo en canto lle sae a unha explotación media da Limia o cultivo da pataca. Basicamente “unha hectárea pode dar uns 40.000 quilos de pataca se a colleita é boa. Cun prezo de 18 pesetas, que é o que me pagaron este ano por contrato, sacámoslle a unha hectárea 720.000 pesetas en bruto. Pero nesa hectárea os gastos pasan das 600.000 pesetas: sulfatos, abonos, regadío, gasóleo, pataca de semente, arrendamentos, etcétera. Con prezos inferiores a 20 pesetas por quilo, cómpren moitas hectáreas para sacar un soldo”.

Un dos gastos que se disparou foi o do carburante.

Conta Serafín que “o ano pasado, enchías o depósito con 600 euros, e agora cómpren 1.000 euros. Se antes gastabas nunha campaña 3.000 euros en gasóleo, agora cómprenche 4.500”.

A maiores, outro bo problema que teñen é o do alto prezo do arrendamento da terra: “o aluguer dunha parcela de oito hectáreas pasa das 500.000 pesetas. Eu, que teño case todas as leiras arrendadas, unhas 30 hectáreas, gasto cada ano preto de 2.000.000 de pesetas en arrendamentos. A orixe deste problema é que hai moito xubilado que non quere perder as subvencións por plantar cereais, polo que che cobran esa axuda no arrendamento”.

Editorial

Mobilizacións do leite en maio: un paso adiante para conquistar uns prezos dignos

Nas dúas últimas reunións do grupo de traballo da Mesa do Leite quedaron claras as posturas defendidas tanto pola industria coma polos produtores, que se manifestan, neste intre, como irreconciliábeis. A Industria postula como a mellor postura posible a aceptar a baixada de prezos realizada ata agora, con posibilidades de recuperación de 0'6 céntimos en setembro, outros 0'6 en outubro, e unha nova baixada de 0'6 en decembro. Esta é a proposta da industria; de aceptala, significaría unha baixada considerable do prezo medio anual que nin o sector produtor, nin o Sindicato Labrego Galego, están dispostos a permitir.

O SLG non pode aceptar ningunha baixada que sitúe o prezo do leite nun valor inferior ao da campaña pasada. Considerase, ademais, que ese é xa un prezo excesivamente baixo, froito das caídas sistemáticas dos dous últimos anos.

A proposta que levou o sector produtor para recuperar os prezos é que o leite ten que subir 1'2 céntimos en xullo, e 1'2 céntimos en agosto, para recuperarse ao nivel dun prezo axeitado, e mantelo así todo o ano.

Pola contra, a falla de posibilidade de acordo significa que a industria vai seguir aplicando a súa política de prezos baixos, co que non sería de descartar que existisen novas caídas. Polo tanto, no sector produtor xa se están organizando novas mobilizacións.

Nos vindeiros días haberá varias mobilizacións puntuais que rematarán a finais de mes (29, 30 e 31 de maio) con tres días de folga de entregas de leite simultánea con concentracións permanentes diante das industrias.

Tanto as datas como as accións a desenvolver foron acordadas polos tres sindicatos agrarios para responder a esta situación. Cando enviamos este número de Fouce ao prelo, xa se estaban a planificar a execución de todas estas medidas de forza, polo que todas e todos debemos ir xa contando con que eses días non imos entregar leite. Ademais, teremos que concentrarnos diante das industrias de xeito permanente.

A loita por un prezo digno do leite vai centrar as reivindicacións do sector, que deberá dar mostra de toda a súa capacidade reivindicativa. Daquela,

*"Nos vindeiros días
haberá varias mobilizacións
puntuais que rematarán a
finais de mes (29, 30 e 31 de
maio) con tres días de folga de
entregas de leite que será
simultánea con concentracións
permanentes diante das
industrias".*

podemos dicir que estamos diante dun momento histórico para asegurarlle un futuro ás explotacións leiteiras galegas.

Certamente, é difícil chegar a acordos neste sector, despois de vinte anos sen falar do valor do leite entre a industria e a produción. Ademais, padecemos unha serie de anomalías nos prezos difíciles de corrixir. Neste senso, existen hoxe diferenzas de máis de 7 céntimos por litro debidas, fundamentalmente, ás primas de cantidade, para producións con calidades idénticas. Isto provoca que as desviacións do prezo medio sexan enormes, feito que causa gran dificultade para poñer un prezo base igual para todo o mundo e sufi-

ciente para cubrir custes e salario. Precisamente, este último é, ao noso xuízo, o único xeito de establecer acordos e políticas de prezos que signifiquen un cambio cualitativo na comercialización do produto e que garantan estabilidade para o sector.

A outro nivel, agardamos que os contactos na Mesa do Leite sigan existindo, e que se poida avanzar na aplicación do modelo de factura e da indexación, xa que para establecer e normalizar isto teremos, por forza, que falar de prezos tipo. Nós entendemos que o modelo de factura non é só un formato de papel, senón que deberá ser un documento onde quede claro cal é o prezo de partida, e cales son as contías das primas por conceptos. Esa factura debe supoñer a normalización da configuración dos prezos. Daquela, se avanzamos nese camiño, estaremos dando pasos moi importantes de cara a futuros acordos de prezo.

Polo tanto, temos dúas fronteiras nas que teremos que seguir traballando. Por unha banda, contactos para ir avanzando en criterios de normalización de prezos no seo da Mesa do Leite; e pola outra, as medidas de forza para esixir un prezo digno que, nestes intre, depende totalmente da capacidade de mobilización e de loita que o sector demostre para cambiar as cousas. Agora, máis ca nunca, de todos e de todas nós depende o prezo que imos cobrar polo noso traballo e pola nosa produción.

*"...todas e todos debemos
ir xa contando con que eses
días non imos entregar leite.
Ademais, teremos que concen-
trarnos diante das industrias
de xeito permanente".*

*"Podemos dicir que estamos
diante dun momento histórico para
asegurarlle un futuro ás explotacións
leiteiras galegas (...) Agora, máis ca
nunca, de todos e de todas nós depende o
prezo que imos cobrar polo noso
traballo e pola nosa produción".*



Vivenda aproba axudas de ata 3.000 euros para o remate exterior das casas no rural

A Consellería de Vivenda e Solo, que dirixe a nacionalista Teresa Táboas, vén de poñer en marcha unha nova liña de axudas para rematar o exterior das vivenda unifamiliares no medio rural dirixidas a familias con rendas que non superen os 1.200 euros ao mes. Estas axudas financiaranse cunha partida orzamentaria dun millón de euros.

A subvención será o equivalente ao 30% do custe da obra realizada por un importe máximo de 3.000 euros, e as obras deberán efectuarse nos tres meses posteriores a notificación da concesión da axuda.

Nunha rolda de prensa, a Conselleira do BNG explicou que "con esta nova liña de axudas, a Consellería de Vivenda e Solo pretende, por unha banda, mellorar a calidade construtiva da propia vivenda e facilitar que ningunha familia deixe de rematar a casa por falla

de recursos; e por outra banda, contribuír a frear o deterioro e o impacto sobre o territorio que provocan as vivendas inacabadas espalladas por todo o país".

En concreto, os requisitos para poder acceder a esta liña de axudas son ter unha renda familiar que non supere os 1.200 euros ao mes, e que a casa teña licenza municipal de obra e unha antigüidade inferior a quince anos. De superar esa idade, a casa xa se acollería ás axudas de rehabilitación.

Serán subvencionábeis a colocación de tella ou lousa no tellado; a pintura exterior dos paramentos verticais e outros elementos; colocación de morteiro de cemento, por exemplo cando o ladrillo estea á vista; elementos de evacuación de augas pluviais como canalóns e baixantes; e outros elementos que interveñan no remate exterior dunha vivenda.



A Conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, na rolda de prensa na que anunciou publicamente as axudas

Eroski e Vegalsa comercializarán cinco millóns de quilos de Ternera Gallega

A Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega, o Grupo Eroski e Vegalsa asinaron un convenio de colaboración por medio do cal, as devanditas empresas de distribución alimentaria, promoverán e venderán carne de vacún de calidade, certificada por Ternera Gallega, na totalidade dos seus establecementos.

No acto de sinatura, que se celebrou o 27 de abril, estivo presidido polo Conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, e nel interviu o Presidente de Ternera Gallega, Jesús González; o

Presidente do Grupo Eroski, Constan Dacosta; e o Director Xeral de Vegalsa, Joaquín González.

O acordo entre a IXP Ternera Gallega, o Grupo Eroski e Vegalsa terá alcance estatal, e con el prevese acadar a comercialización de cinco millóns de quilos de carne no ano 2008. A duración do convenio é de tres anos, prorrogable por períodos anuais.

Nos establecementos situados en Galiza, o Grupo Eroski e Vegalsa comercializarán Ternera Gallega en condicións de exclusividade en to-

Empresarios, comerciantes e sindicatos contra Carrefour

Constitúese unha Plataforma de oposición ao centro comercial das Cancelas

O pasado 21 de abril, celebrouse na sede nacional do Sindicato Labrego, en Santiago, unha reunión na que participaron representantes de Compostela Monumental; Rede de Centros de Comercio Abertos; Asociación de Comerciantes de Santiago; Área Central; Comisión de Comercio de Santiago; Asaco, e as asociacións de empresarios de Melide, Sigüeiro, Padrón, Rois, Dodro, Milladoiro, Ría de Muros, Confederación Intersindical Galega e Sindicato Labrego Galego.

O motivo do encontro entre estas entidades foi o de facer efectiva a postura contraria que todas manteñen respecto da instalación dun novo centro comercial de Carrefour na zona compostelá das Cancelas. A reunión saldouse coa constitución da Plataforma en Defensa da Economía de Santiago e Comarca.

As organizacións denunciaron que a apertura deste Carrefour vai provocar a destrución de moitos máis postos de traballo dos que vai crear en toda a comarca, fundamentalmente empregos autónomos e asalariados no comercio de Compostela e da súa bisbarra.

A outra grande prexudicada será a actividade agraria, que se vai ver afectada negativamente nos prezos pagados a labregos e labregas



Empresarios, comerciantes e sindicatos reuníronse na sede nacional do SLG para coordinar a oposición a Carrefour

polos seus produtos e na venda directa destes. De aí a implicación activa do SLG, que xa fixera pública antes desta reunión o seu rexeitamento á apertura da grande superficie.

As organizacións asistentes á xuntanza concordaron, finalmente, en que o desenvolvemento económico de Santiago e da súa bisbarra só pode vir da man dun modelo sostíbel de agricultura e comercio, baseado nas pequenas e medianas explotacións agrarias, no pequeno comercio, e na creación de pequenas empresas.

En canto ás medidas anunciadas, ademais de crear a Plataforma, vaise solicitar unha reunión urxente co Conselleiro de Industria, Fernando Blanco, amais de

pedirlle que non tome ningunha decisión con respecto á concesión da licenza ao Carrefour ata que non se entreviste coa Plataforma. A maiores, tamén se pediu unha xuntanza coas direccións nacionais dos partidos gobernantes, BNG e PSOE.

En canto ás medidas de incidencia máis social, a Plataforma vai publicar un manifesto en defensa da economía de Santiago e Comarca, defensa que pasa, inevitablemente, por que non se instalen máis grandes superficies e se impida a apertura deste Carrefour; e porá en marcha unha campaña informativa para dar a coñecer os impactos negativos da instalación deste centro comercial.



O Conselleiro de Medio Rural, no centro, presidiu a sinatura do convenio entre Ternera Gallega, Eroski e Vegalsa

o control da IXP.

En total, preto de 300 establecementos do Grupo Eroski e Vegalsa van poñer á disposición dos seus clientes e consumidores carne certi-

ficada pola IXP, recolléndose especificamente no texto do convenio o compromiso de comercializar tanto Ternera Gallega, como Ternera Gallega Suprema.

Santiago Arnoso López, produtor de leite e membro da Dirección Nacional do Sindicato Labrego

“Se as cousas non melloran, haberá que facer unha folga de entregas de leite”

Santiago Arnoso uniu a súa explotación leiteira a outras veciñas en 1993 para formar Vilasuso Sociedade Cooperativa Galega. Afiliado ao SLG dende aquela, este gandeiro de A

Capela viu evolucionar un sector que, a pesares de ser o motor económico de boa parte do rural galego, hoxe está en crise. De feito, con máis de 800.000 quilos de cota para catro socios e 160

reses, Santiago afirma que, cos prezos actuais e o aumento dos custes, pouco lles rende o traballo. Así, non é de estrañar que declare nesta entrevista que “toda mobilización é pouca”.

■ **Estará de máis preguntarlle se participou nas mobilizacións do leite o 6 de abril.**

Non nos quedou outra que participar. Estamos nuns tempos moi malos, e toda mobilización que se faga paréceme pouca. Eu participei activamente.

■ **Pensa que o éxito da convocatoria animou a un sector tan castigado coma o leiteiro?**

A xente está moi queimada e ten ganas de facer cousas, mobilizacións deste tipo ou máis contundentes. Eu xa escotei a moitas persoas falar da posibilidade de facer unha folga de entregas de leite, pero iso é moi complexo e require moita organización. Unha folga de entregas pode que non sexa realmente efectiva se a facemos só a nivel de Galiza; debería ser en todo o Estado, ou mesmo a escala da Unión Europea. Eu creo que a xente está por chegar aí se é necesario. Se as cousas non melloran, que non o creo, non quedará máis remedio que facer algo así.

■ **Daquela, baixaron a peseta prometida para marzo?**

A nós chegounos o recibo de marzo, e non nos baixaron esa peseta. Non sei se aconteceu noutras zonas. De todos xeitos, a nós non nos comunicaron que fosen baixar nese mes.

■ **De todos xeitos, si que baixaron o leite en febreiro.**

Si, a nós tamén nos tocou esa baixada de dúas pesetas. Nestes intres, estannos a pagar o litro a 52 pesetas. Non é un prezo digno, nin moito menos. Eu penso que, hoxe en día, por debaixo das 60 pesetas, non é un bo prezo para o leite. Por baixo deses cartos, estamos a falar de prezos míseros cos que non nos debemos conformar.

■ **Resentiuse moito a cooperativa con esta baixada?**

A baixada de prezos sentí-



Santiago comparte traballos con outros tres socios en Vilasuso Sociedade Cooperativa Galega

mola en detalles como a obriga de ter que reducir custes, aínda que sexa moi complexo, pois hai tempo que estamos en crise e temos reducido custes ao mínimo.

A consecuencia fundamental disto é que, cos prezos que temos, sentímonos fre-

dos á hora de facer calquera investimento. Antes de facer un plan de mellora tes que pensalo moito, e xa non traballas con esa alegría de hai anos. Así as cousas, só acometes obras ou melloras que non che queda máis remedio que facer.

■ **Daquela, pensa que estes prezos poden provocar o estancamento do sector?**

Claro que supoñen un estancamento, unha freada total. A xente nova xa non se incorpora á actividade agraria, pois ve dende hai anos que as cousas non están

moi ben. Aquí, a mocidade foxe cara a zonas de servizos e industriais, as explotacións fican baleiras, e as fincas foréstanse ou dedícanse a outras fins que non benefician nin dan valor á terra.

■ **Amáis dos prezos, habían sentir tamén a suba de moitos insumos.**

Iso tamén afecta, indubidablemente. Os abonos non podes prescindir deles, aínda que racionalizas o seu uso un pouco máis. En canto ao carburante, de cinco anos para aquí o valor duplicouse, e iso repercute moito nos custes de produción. Nós pagamos a última factura de combustible a 66 céntimos o litro. Agora estamos á espera de que chegue ese gasóleo profesional para a agricultura, pois cos prezos escandalosos que temos, hai que pensar moito cando se colle o tractor para ir traballar, e case absterse de utilizalo en baleiro.

“Os principais problemas do leite en Galiza son os prezos e o acceso á terra”

■ **Como ve a situación do medio rural nesta bisbarra de Ferrolterra?**

Creo que os problemas do agro están por aquí máis agravados que noutras zonas do interior, onde a xente aínda mira de seguir na actividade. Aquí, a mocidade non ten dúbidas á hora de decidir se quere seguir coa explotación da familia ou non; ante as expectativas malas da actividade agraria, e tendo preto zonas industriais, buscan un emprego.

Outro problema engadido é que nesta zona, ao non haber unha ordenación do territorio e non existir a concentración parcelaria, temos moito minifundismo, cun número elevado de fincas pequenas, polo que se fai moi complicado desenvolver unha actividade agraria. Aquí temos exemplos de plantacións de piñeiros

que chegan aos currais das casas, e iso son problemas que non teñen volta de folia. Por iso vexo o panorama tan complicado. Así, é lóxico que a xente nova marche para as cidades, quedando menos xente nas aldeas.

■ **Polo que conta, por aquí será difícil ampliar a base territorial das explotacións.**

Máis ben é imposible. A xente que abandona, foresta as terras. Non hai mentalidade de facer arrendamentos, de poñer as leiras a disposición das explotacións que aínda quedan. No mellor dos casos, crían animais para que as fincas non se poñan a monte, pero sen sacarlles rendibilidade.

O problema do acceso á terra é un dos fundamentais que padecemos. Se tivesemos as leiras necesarias, non teríamos por que ir mercar palla e al-

falfa a Castela e Aragón. Os principais problemas do leite en Galiza son os prezos e o acceso á terra.

■ **Falando en positivo, alomenos teñen as vantaxes de traballar en cooperativa.**

Fundamentalmente, levas o traballo doutra maneira. Nós dispoñemos, cada un, de quince días de vacacións no verán. Libramos alternativamente as fins de semana por parellas, e en inverno temos unha xornada semanal de descanso. Ademais, se tes algún problema inesperado, podes dispoñer dos días que che cumpran.

En canto á actividade, as vantaxes tamén son moitas: optimizas moito máis e a explotación lévase mellor, pois hai menos gastos que se vas en solitario e as tarefas fanse máis doadas.

Descúbrese que a gripe aviaria é unha estafa a escala planetaria

O Secretario de Defensa dos Estados Unidos amasa sumas millonarias grazas a un andazo que non existe

Paseniño, os trapos sucios da gripe aviaria saen á luz. A comezos da primavera, foron moitas as publicacións, coma Discovery Saúde, que revelaron as vinculacións entre a alarma creada

por un posíbel andazo e os beneficios millonarios da industria farmacéutica. Nesta ocasión, hai un nome propio detrás deste negocio xigantesco que xoga co medo da xente: Donald Rumsfeld. O

Secreatrio de Defensa dos Estados Unidos foi presidente de Gilead Sciences, empresa que patentou o Tamiflu, medicamento que, seica, pode curar esta doenza que non existe.

O Tamiflu é un medicamento antiviral que se está a converter na galiña dos ovos de ouro. Promovido coma o remedio contra a gripe aviaria nas persoas, e despois do pánico desatado con respecto a esta doenza, as súas vendas pasaron de 254 millóns de euros en 2004 a máis de 1.000 millóns en 2005; se en 1999 o seu prezo no mercado abaneaba entre os 36 e os 44 euros, agora estase a vender a caixa de 50 comprimidos a 540 euros. Pero a historia deste negocio xa deu os seus primeiros pasos hai anos.

En 1996, a empresa norteamericana Gilead Sciences deseña e patenta o Tamiflu, un medicamento fabricado a base de anís estrelado que só serve para aliviar algúns síntomas da gripe común -mesmo a Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñeceu que o Tamiflu "só podería mellorar as posibilidades de supervivencia" en caso de andazo-. Isto é así porque non se pode haber vacina contra un virus mutado que aínda non existe.

O mesmo ano que creou o Tamiflu, Gilead Sciences vendeulle a súa patente á multinacional farmacéutica suíza Roche para que o comercializase; a cambio, a empresa helvética tiña que cederlle a Gilead o 10% das vendas. Co 90% da produción mundial de anís estrelado baixo o seu control, Roche só necesitaba a alguén que lle vendese un produto que domina en réxime de monopolio. Ese alguén foi o Secretario de Defensa dos Estados Unidos, Donald Rumsfeld, que está a utilizar a maquinaria do Goberno ianqui para vender o Tamiflu en todo o mundo. Non en van, el mesmo é un dos principais beneficiarios



Donald Rumsfeld é un dos principais beneficiados polo negocio da gripe aviaria co Tamiflu

deste negocio: Rumsfeld foi presidente de Gilead Sciences dende 1997 a 2001, empresa que abandonou para ingresar no goberno de Bush. Hoxe, o Secretario de Defensa dos Estados Unidos

conserva entre 5 e 25 millóns de dólares en accións destes laboratorios. Os datos que se manexan dinnos que Rumsfeld, despois do incremento de vendas do Tamiflu por mor da gripe aviaria, obtivo

uns beneficios cando menos dun millón de dólares. Ademais, como Secretario de Defensa asinou un contrato de 58 millóns de dólares para fornecer de Tamiflu ao exército norteamericano.

España dilapida 14 millóns de euros para fornecerse de Tamiflu

Non é de estrañar que fose, precisamente, o Goberno de Bush quen erguese a voz de alarma sobre a posibilidade dunha pandemia humana de gripe aviaria. Foi o propio Presidente dos Estados Unidos quen alertou de que, de xeito inmediato, poderían morrer un mínimo de 200.000 norteamericanos por esta enfermidade que aínda non existe, cifra que, segundo os seus cálculos, podería ascender a dous millóns de mortos estadounidenses.

O estraño é que tantos países, entre os que se inclúe España -o Goberno Zapatero mercou dous millóns de doses por 14 millóns de euros-, sucumbisen a esta auténtica estafa. Cómpre ter en conta que o virus da gripe aviaria descubriuse en Vietnam hai xa nove anos e, dende aquela, non produciu nin un cento de mortos. Certo que é un virus que se pode transmitir por contacto directo de animais a persoas, pero non é menos certo que as vítimas residían todas en Asia, e tiñan en común o vivir en condi-

cións de insalubridade extremas, en contacto coas aves enfermas, e en granxas sen ningún tipo de control sanitario.

Os negocios de Rumsfeld no sector farmacéutico veñen de vello. Xa na década dos setenta, durante o mandato de Gerald Ford, o actual Secretario de Defensa dos Estados Unidos estivo implicado nunha vacinación masiva diante dunha suposta gripe porcina que deixou máis de medio cento de mortos a causa dos efectos secundarios.

Tamén, ao cabo de tres meses de incorporarse Rumsfeld ao gabinete de Ronald Reagan, o goberno norteamericano autorizaba o asparmato, unha droga con serias contraindicacións e sospeitosa de provocar cancro. Pouco antes da montaxe da gripe aviaria, xa coa Administración Bush, o Pentágono adquiría de xeito masivo o medicamento Vistide para as tropas destinadas no Iraq, seica para evitar os efectos secundarios da vacina contra a viruela e, como non, fabricado tamén por Gilead Sciences.

A CPE sae en defensa das explotacións avícolas de carácter labrego

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) saíu en defensa da produción avícola labrega diante da crise da gripe aviaria. Tras lembrar que esta enfermidade animal foi transmitida, en primeiro lugar, polo intercambio de polións provenientes de ganderías industriais, denunciou que "o confinamento decidido como medida de seguridade sanitaria penaliza, en primeiro termo, ás crías ao aire libre e non achega solución a longo prazo".

Ademais, engadiu que "a concentración dos animais e a homoxeneización das razas impostas pola avicultura industrial crean un caldo de cultivo máis favorable a unha propagación rápida do virus que as granxas de pequeno tamaño. Dispersados no espazo, recorrendo a unha grande diversidade xenética e criados ao aire libre, as aves de explotacións labregas son moito máis resistentes".

Diante disto, a CPE pediu apoio e protección para as explotacións avícolas labregas, pois "van ser as primeiras vítimas da crise". En canto á posibilidade de destruír as existencias de aves sans en Europa para atallar o andazo, a CPE revela quen van ser as principais beneficiarias da medida: as propias industrias europeas que teñen deslocalizada parte da súa produción no Brasil, xa que poderían copar o mercado con aves procedentes das súas granxas americanas.

O Ministerio favorece a contaminación masiva con transxénicos en España

Un informe proba que a coexistencia entre cultivos manipulados, convencionais e ecolóxicos é imposible

Greenpeace, a Asamblea Pagesa de Catalunya, e a Plataforma Transgenics Fora! veñen de presentar un informe que demostra que se está a xeneralizar a contaminación transxéni-

ca, e que a coexistencia de organismos manipulados cos cultivos convencionais e ecolóxicos é imposible. O documento foi o resultado dun intenso traballo de campo realizado en diver-

sas bisbarras de Cataluña e Aragón no que se involucraron científicos e máis de medio cento de labregos e labregas. O título do estudio, "A imposible coexistencia", fala por si mesmo.



Protesta contra os organismos manipulados en Madrid protagonizada por COAG, Amigos da Terra, e Plataforma Rural

"A imposible coexistencia" é o primeiro estudio serio que analiza en España as consecuencias que está a ter o cultivo incontrolado de organismos xeneticamente modificados (OXMs). No informe recolléronse decenas de testemuñas de labregos, labregas e xerentes de cooperativas, e nel analizáronse mostras de leiras de millo en Cataluña e Aragón "constatándose a falla total de medidas de separación, segregación e control por parte da Administración".

A xeito de resume, o documento constata, en relación á convivencia entre transxénicos e outros cultivos en España, que "na situación actual conviven erros administrativos, opacidade no mundo da investigación, nulo ou deficiente seguimento e control dos cultivos e dos casos de contaminación, variedades ilegais, campos experimentais non autorizados, ausencia de rexistros, ningún respecto ás distancias mínimas entre leiras,

declaracións falsas para cobrar as subvencións por cultivo de millo, donos de colleitadoras que recoñecen que non limpan as máquinas entre un campo de organismos manipulados e outro non transxénicos, ou xeren-

tes de cooperativas que afirman mesturar todo na mesma morea".

O informe conclúe que "a coexistencia non é posible, que a contaminación de cultivos é un feito, e que a estratexia da industria se-

menteira é contaminar, xerando unha situación irreversible que elimine calquera alternativa de cultivo e que obrigue ao conxunto da sociedade a aceptar niveis de presenza de OXMs crecentes".

O Director Xeral de Agricultura reacciona coma se non pasase nada

A pesares dun informe tan demoledor, o Ministerio de Agricultura segue ollando cara a outro lado. De feito, o Director Xeral de Agricultura do Ministerio, Francisco Mombiela, manifestou que non teñen coñecemento de casos de contaminación.

En declaracións de Andoni García, membro da Executiva da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) "é indignante que un alto cargo da Administración, en troques de protexer a saúde pública, o medio ambiente e un modelo social de agricultura que se vería gravemente afectado pola entrada masiva da agricultura transxénica, afirme que o Ministerio non ten constancia do desastre que están a supor os transxénicos en España".

En Cataluña, o apoio da Generalitat aos transxénicos é máis descarado aínda. Se anteriormente Convergencia i Unió (CIU) re-

producira fielmente a política do PP neste eido, agora a Consellería de Agricultura -en mans do PSOE- segue apoiando incondicionalmente ás multinacionais transxénicas.

Boa mostra disto foi a participación do Director Xeral de Produción, Innovación e Industrias Alimentarias da Generalitat na Conferencia de Viena sobre Coexistencia, celebrada o pasado mes de abril; nela, o político catalán defendeu niveis de contaminación transxénica de ata un 0'9% na agricultura ecolóxica, cando o Ministerio de Agricultura español rexeitou frontalmente esta posibilidade. E iso que un dos socios do tripartito catalán é Iniciativa per Catalunya - Els Verts (ICV), que tiña como punto prioritario no seu programa de goberno a declaración de Cataluña como País Ceibe de Transxénicos.

O PSOE mantén a mesma superficie de OXMs que o Partido Popular

O informe dá tamén un repaso á evolución dos OXMs dende 1998, ano no que o PP, de xeito ilegal, aprobou o cultivo comercial do millo Bt 176. Dende entón "España é o único estado membro da Unión Europea que permite o cultivo de transxénicos a gran escala ata 2005". O ano pasado, a superficie con organismos manipulados en España foi de 57.000 hectáreas, semellante á propiciada polo PP un ano antes.

A situación non mellora co cambio político, pois, "a partir de marzo de 2004, o novo goberno prometía establecer unhas normas que permitisen á agricultura convencional e á ecolóxica sobrevivir fronte á continua agresión das corporacións dos transxénicos, respectar o dereito das persoas a elixir a súa alimentación, e minimizar no posíbel o impacto ambiental destes cultivos".

A pesares das promesas, "o Executivo segue a permitir o cultivo de millos transxénicos sobre os cales existen dúbidas da súa seguridade, e aprobáronse catorce novas variedades". Así, hoxe en España xa hai 31 variedades autorizadas de OXMs, das cales estas catorce últimas foron aprobadas polo PSOE en xullo de 2005. Ese mes, o Ministerio de Agricultura excluía as variedades Bt 176 do rexistro oficial, prohibindo a súa sementeira; pero dando, ao mesmo tempo, cobertura legal a miles de hectáreas cultivadas desta raza manipulada ese mesmo ano.

Coida a túa casa, coida o teu país

A **Consellería de Vivenda e Solo** concede axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares no rural.

Subvencións de ata 3.000 € para rematar a túa casa.

Galiza é o noso patrimonio.
Agora ti podes contribuir a melloralo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Infórmate no teléfono
902 100 054

ou en conselleriavivenda.xunta.es

Manuel Sánchez, viticultor e adegueiro na Denominación de Orixe Valdeorras

“As DOs galegas compartimos sector e país, polo que debemos tirar do mesmo carro”

Dende que en 1993 Manuel Sánchez, xunto a dous irmáns, colleitaron a súa primeira vendima, moito choveu. Hoxe, entre os tres rexentan Adegas Alan de Val, e traballan unhas sete hectáreas de viñedos onde medran a Godello e a Mencía, principalmente. Para chegar a iso, pasaron polo calvario de mercar terra nunha bisbarra onde as parcelas están tan fragmen-

tadas como os seus donos. Con 25.000 litros de viño en produción amparados na DO Valdeorras, e con expectativas de acadar 70.000, Manuel e os seus irmáns xa afrontan o reto de ampliar.

■ Para empezar en positivo, poderíamos falar das potencialidades e singularidades de Valdeorras fronte a outras denominacións de orixe.

Non hai moitas diferencias entre as distintas denominacións de orixe galegas. Valdeorras ten moitos vínculos en común con Ribeira Sacra e con Monterrei. Por exemplo, en Valdeorras e Monterrei temos a posibilidade dunha produción máis tecnificada pola boa orografía; con Ribeira Sacra compartimos as variedades e a bisbarra do Sil.

De todos xeitos, en Galiza, todas as DO temos en común que estamos no mesmo sector e no mesmo país, polo que todos debemos tirar do mesmo carro, mesmo compartimos problemas semellantes.

Eu creo que todas as denominacións de orixe de Galiza teñen unha grande potencialidade e singularidade que lle ven dada por unhas variedades e uns solos únicos, e polo clima.

■ Comentaba que en Valdeorras teñen problemas semellantes a outras DOs. Daquela, houboos na última vendima?

Si, houbo problemas de recollida. Aquí estíbese a vender moita uva a Lugo e A Coruña para elaborar viño na casa. Iso decaeu, co cal moita xente chegou á vendima co problema de que non dá vendido a uva.

Algunha cooperativa, como Adegas Larouco, está en serios problemas, cos seus cooperativistas atuando varias colleitas sen cobrar.

Despois, tamén hai adegas que teñen algúns excedentes; e iso pode empeorar se prevemos que as plantacións máis recentes van provocar un aumento de produción de determi-



Un dos principais atrancos de Manuel como viticultor foi acadar terra para os seus viñedos

nadas castes, cando aínda non temos feito o mercado para introducir ese viño que se está a producir de máis.

■ Pensa que adegas familiares como a súa son boa fórmula para facer rendíbel a actividade vitícol?

Problemas de comercialización témolos todos. Abrirse camiño no mundo do viño é complicado, pois hai moita competencia e a

viticultura acadou un nivel de tecnificación moi alto. Isto deu lugar a que capitais procedentes doutras áreas económicas se metesen no mundo do viño, aparecendo grandes competidores.

Ademais, hai zonas moi potentes, dende o punto de vista comercial, que fan grandes campañas publicitarias e teñen grande poder sobre a distribución. Compe-

tir así é duro.

■ Entón, ¿cal pensas que é o camiño nese marco de grande competitividade?

En Galiza temos que ir á diferenciación dos nosos viños. Hai anos aconsélounos ir á calidade; iso xa o fixo case todo o mundo, polo que agora debemos dar o seguinte paso, que é a diferenciación e singularización dos nosos viños.

“Con só un par de xuntanzas, a mesa do viño non pode resolver os problemas”

■ ¿Nas mesas do viño non se avanzou na solución dos problemas que comentou?

Os cambios non son doados. Creo que é bo que haxa unha interlocución. Ata o de agora non se produciron cambios, pois empezouse coas mesas do viño en plena vendima e coa campaña en marcha. Queda moito por facer aínda, se pretendemos involucrar na Denominación de Orixe a todos os estamentos do viño. Non podemos agardar que, por reunirse un par de veces, se vaian atopar solucións a todos os nosos problemas.

■ Supoño que polémicas como a do nomeamento dun novo presidente para o Consello non axudan moito á DO.

Eu defendo o labor do presidente cesado,

Manuel Losada. O seu mandato estivo marcado por circunstancias que impediron que puidese desenvolver mellor o seu traballo. Penso que Losada é un valor que temos en Valdeorras, a pesares de que circunstancias alleas ao mundo do viño, atrancos, dificultades, e a falla de equipo e de colaboración, lastrasen o seu labor.

■ Na súa opinión, ¿a Consellaría trabucouse ao nomear novo presidente?

Creo que Medio Rural, ao cesar a Losada, fíxoo mal aconsellada e mal informada, dende a distancia e sen consultar co sector. Se ao presidente o elixiu o pleno do Consello Regulador, o mínimo que habería que facer antes de cesalo e nomear outro sería falar co pleno.

“As axudas á produción e á reestruturación deberían irse superando”

■ Alén da actualidade, que outros problemas ten Valdeorras?

Quizais, un dos problemas que seguimos tendo é que somos unha denominación de orixe moi pouco coñecida. Aínda así, estase a falar moito do Godello na prensa especializada, e estamos comezando a ser coñecidos.

Seguimos sendo moi pouca cousa, se cadra por falla de fe en nós mesmos e nas nosas posibilidades. Noto certo pesimismo, debido en parte a que aínda nos estamos asentando no viño tinto ao atoparnos nunha reconversión incipiente. Creo que aínda non chegamos aos niveis de calidade que se van acadar nuns anos.

Aínda así, podemos ter avances moi importantes se conseguimos conquistar aos consumidores galegos, que aínda gardan unha fidelidade moi grande cara aos nosos viños.

■ ¿Que medidas deberían emprender Medio Rural ou o Consello Regulador diante disto?

Seguimos con carencias básicas de infraestruturas. Nese senso, creo que se están tomando iniciativas interesantes, coma o acceso da xente moza á propiedade ou aluguer da terra, ou as axudas ás pequenas industrias.

A época das axudas á produción e á reestruturación debería superarse para promover o sector industrial e de elaboración, que sería unha maneira de darlle saída a todo o que plantamos.

O Sindicato Labrego segue co seu labor de recuperación do viño do Barbanza

Durante o mes de abril organizou un curso de viticultura en Boiro que contou co apoio da Deputación

O Sindicato Labrego Galego, en colaboración coa Asociación de Vitivinicultores de Arousa Norte, desenvolveu durante o mes de abril, na vila de Boiro, un curso introdutorio ao

mundo da viticultura e da enoloxía. Esta actividade habería que encadrar dentro das accións promocionais que o SLG está a levar a cabo co viño da bisbarra do Barbanza. Así, medio cento

de alumnos e alumnas asistiron ás aulas para poñerse ao día en temas como plantación, elaboración, cata, enxerta, poda, ou os métodos ecolóxicos que existen para cultivo de viñedos.

O SLG leva máis dun ano desenvolvendo accións dirixidas a promover o viño do Barbanza. Neste curso, amais da colaboración da Asociación de Vitivinicultores de Arousa Norte, houbo apoio da área de promoción económica da Deputación da Coruña, dirixida polo deputado do BNG, Pablo Villamar.

O responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, comentaba que "o curso suscitou animación entre a xente que traballa nas viñas de cara a darlle unha orientación máis comercial á súa actividade. Precisamente, a comercialización do viño foi algo que ata o de agora non callou no Barbanza, ao contrario do que aconteceu noutras zonas de características semellantes coma o Salnés".

Deste xeito, o SLG "tenta



Medio cento de persoas inscribíronse no curso de viticultura e enoloxía organizado polo SLG

recuperar para o mundo do viño unha bisbarra descoñecida, pero que ten tanta, ou máis, tradición que as outras comarcas de Rías Baixas".

Para Vilas, "o viño do Barbanza ten unha potencialidade innegable, mesmo recoñecida por expertos que participaron no curso como

Francisco Rego, responsable da Estación Enolóxica e Vitícola de Galiza".

De feito, a do Barbanza é unha zona con tradición vi-

vinícola de características xeográficas case idénticas ao resto das Rías Baixas, e mesmo mellores dende un punto de vista climatolóxico nalgunhas ladeiras. A pesares diso, as explotacións seguen a ser minifundistas, moi orientadas a facer viño de autoconsumo, e fóra dos circuitos convencionais de venda. Entre as castes autóctonas desta zona destaca a variedade Raposo en brancas, e comparte varias co resto de Rías Baixas como Albariño, Treixadura, Caíño ou Brancello.

Por iso, entre as demandas dos viticultores e viticultoras da zona, e do SLG, está pedir recoñecemento e protección xeográfica para estes viños, que sería o primeiro paso para que se puidese abrir algunha adega e para comezar a comercializalos en serio.

O SLG inicia en Verín unha campaña de formación e promoción do sector vitícola

Trala reunión da segunda Mesa do Viño de Monterrei, celebrada o 26 de abril, o Sindicato Labrego decidiu recoller a proposta da Administración e realizar iniciativas en positivo para o desenvolvemento desta denominación de orixe (DO).

Neste marco habería que encadrar a campaña formativa que vai iniciar o SLG cos seus viticultores e viticultoras asociad@s nesta DO para fomentar a viticultura ecolóxica e a produción de uva de calidade para as adegas de Monterrei.

No primeiro dos casos, tentárase inculcar métodos de viticultura respectuosos co medio ambiente e a saúde das persoas nos que se lles dean aos viñedos os mínimos tratamentos químicos

posíbeis; en canto ao fomento dunha produción de calidade, darase asesoramento para que a uva cumpra os parámetros que se van esixir nos contratos homologados que se fagan coas adegas no futuro. Outra fronte na que traballará o SLG será desenvolver adegas de colleiteiro como fórmula para pór en valor a produción vitícola de Monterrei.

Deste xeito, o SLG quiere contribuír ao desenvolvemento da denominación de orixe menos coñecida de Galiza, con graves problemas estruturais nos eidos da transformación da uva e comercialización dos seus viños. De feito, menos dun 10% da uva producida en Monterrei remata en botellas amparadas pola DO.

**Queremos presentarlle un
presuposto para o seguro do
seu coche**

**Prezo reducido para labregos
e labregas afiliad@s ao
Sindicato Labrego Galego!!**

Dirixase ao seu local do SLG
coa documentación do vehículo,
último recibo do seguro en vigor
e permiso de conducir

**PRESUPUESTO
SEN COMPROMISO**

As labregas brasileiras decláranlle a guerra á invasión de eucaliptos

2.000 mulleres participaron na ocupación dun viveiro e un laboratorio da empresa Veracruz Celulosa

O pasado 8 de marzo, co gallo do Día Internacional da Muller Traballadora, 2.000 labregas da Vía Campesina entraron nun viveiro de eucaliptos da empresa Aracruz Celulosa, no Estado

brasileiro de Río Grande do Sul, para protestar contra as plantacións masivas desta árbore que se están a facer no seu país. A reacción contra esta iniciativa foi de represión sen paliativos

por parte da policía e dos medios de comunicación, o que levou a iniciar unha campaña internacional de apoio a estas compañeiras que padecen un problema ben coñecido na Galiza.



Labregas brasileiras do Movimento de Mulheres Campesinas (MMC) protestando diante dunha plantación de eucalipto

Segundo a empresa, as mulleres destruíron un millón de plantóns de eucalipto e o laboratorio do viveiro. Para a Vía Campesina, esta acción foi unha protesta contra as graves consecuencias sociais e ambientais que causa a expansión do que xa se coñece en Brasil coma "deserto verde", que é a denominación das áreas de monocultivo de eucalipto que invaden o sur do país.

A prensa de Río Grande do Sul e xornais de tirada nacional lanzaron un ataque virulento contra as labregas, acusándoas de vandalismo e inmoralidade; de estar contra o progreso.

A realidade é que Aracruz é a maior empresa global de plantacións de eucaliptos para celulosa branquexada, e ten tras súa un historial devastador de destrución de terras, biodiversidade e fontes de auga no norte do Brasil; tamén ten o triste mérito de ter provocado o desprazamento forzoso de miles de habitantes das comunidades negras e indíxenas desa zona, e de terlle roubado a súa terra aos pobos Tupinikim e Guaraní ao comprarlle durante a ditadura brasileira aos seus donos legais e ilexítimos.

As plantación de eucaliptos e árbores de medre rápido son outra das políticas

do Banco Mundial nos países do terceiro mundo, promovida e subsidiada con cartos públicos para beneficio de poucas empresas.

Ademais, como ben sabemos en Galiza, estes grandes monocultivos son altamente degradantes do solo, auga e biodiversidade, pois provocan un grande nivel de esgotamento da terra pola enorme absorción de nutrientes e auga.

Campaña internacional de apoio

Visto o visto, as protestas das nosas compañeiras brasileiras non son nada diante da violencia destrutiva coa que se está a comportar a empresa Aracruz Celulosa de cara á terra, e de cara ás comunidades humanas que viven nela e dela.

Agora mesmo, estanse a recoller milleiros de sinaturas de apoio para estas mulleres -hai medio cento de persoas procesadas diante dos tribunais pola acción contra a celulosa- cun manifesto escrito en verso que reproducimos integramente nesta páxina de Fouce. Quen queira apoialo, pode enviar por correo electrónico o seu nome, profesión ou institución á que representa, e país, a prensa@sindicatolabrego.com

As mudas racharon o silencio

I

*Reinaba un silencio sepulcral
sobre dezoito mil hectáreas roubadas
aos pobos Tupí Guaraní,
sobre dez mil familias do quilombo
expulsadas dos seus territorios,
sobre millóns de litros de herbicidas
vertidos nas plantacións.*

*Reinaba un silencio promiscuo
sobre o cloro empregado
no branqueado do papel
producindo toxinas canceríxenas que*

[atacan

*a plantas, animais e persoas,
sobre a desaparición
de máis de catrocentas especies de*

[aves

*e corenta de mamíferos
do norte de Espírito Santo.*

*Reinaba un silencio insuperábel
sobre a natureza dunha planta
que consume trinta litros de auga por*

[día

*e non dá flores nin sementes,
sobre unha plantación que producía*

[billóns

*e máis billóns de dólares
para só media ducia de señores.*

*Reinaba un silencio mesto
sobre miles de hectáreas acumuladas
en Espírito Santo, Minas, Baía
e Río Grande do Sul.*

*Reinaba un silencio cómplice
sobre a destrución da selva atlántica e*

[da pampa

polo cultivo homoxéneo dunha soa

[árbore:

o eucalipto.

*Reinaba un silencio mercado
sobre a luxuria do lucro.
Si, había un silencio global
sobre os capitais suecos,
sobre as empresas norueguesas,
sobre a grande banca nacional.*

*Por último,
había un inmenso deserto verde
en concerto co silencio.*

II

*De súpeto,
miles de mulleres xuntáronse
e, mudas, destruíron
a opresión e a mentira.*

*As mudas berraron
de súpeto,
e así, de súpeto,
o riso da burguesía converteuse en*

[arrepío,

en aceno, en desconcerto.

III

*A orde ergueuse incrédula,
clamando polo progreso e a ciencia,
maldicindo en termos ruíns
obscenidades e insultos.*

*Xornais, radios, revistas,
Internet e a televisión,
as empresas anunciantes,
executivos benfalados,
os gobernos vacilantes,
a dereita berrona,
e todos os extremistas de centro,
fixeron coro, eco,
xuntanzas e declaracións
defendendo ao capital:
"¡Elas non poden rachar o silencio!"
E clamaron polo seu axustizamento.*

IV

*De súpeto,
e así, de súpeto,
miles de mulleres
destruíron o silencio.*

*Aquel día,
nas terras chamadas Aracruz,
as mulleres da Vía Campesina
foron o noso xesto,
foron a nosa fala.*

O SLG participa en Madrid no deseño da estratexia contra os OXMs no Estado

O seminario estatal de Medio Ambiente da COAG senta as bases para a loita contra os transxénicos

O Sindicato Labrego participou no Seminario Estatal de Medio Ambiente organizado pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), que se desenvolveu en

Madrid o pasado 25 de abril baixo o lema "A favor dun modelo de agricultura familiar e social ¡Fóra os transxénicos!". Xunto á COAG e o SLG atopábanse varias organizacións

ecoloxistas, a Rede de Sementes, e a Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE). Xuntas, deseñaron a estratexia conxunta para plantarlle cara aos transxénicos no Estado.

O encontro serviu para que a xente participante se puxese ao día nos últimos acontecementos relacionados cos Organismos Xeneticamente Manipulados (OXMs). A presentación e moderación do encontro correu a cargo de Andoni García, responsábel da Executiva de COAG na área de medio ambiente.

A primeira conferencia levouna a cabo o responsábel da campaña contra os transxénicos de Greenpeace, e aproveitou para presentar en público o informe "A imposible coexistencia", feito en colaboración coa Asemblea Págsa e a Plataforma Transgenics Foral, do que se fala polo miúdo na páxina 8 deste número de Fouce.

A continuación, a responsábel da área de OXMs de Ecoloxistas en Acción presentou a conferencia "A tecnoloxía que espreita: Terminator". Como o seu propio nome indica, a tecnoloxía Terminator foi desenvolvida co único obxectivo de impedir que os labregos e labregas poidamos gardar as nosas sementes; e para protexer os intereses de grandes empresas que pretenden incrementar as súas ganancias asegurándose o monopolio delas.

O SLG xa se ten posicionado en contra desta tecnoloxía, e deu o seu apoio á campaña "Terminar con Terminator", amais de desenvolver un traballo neste senso no seo da Coordinadora Labrega Europea (CPE) e da Vía Campesina.

Grazas a este traballo feito por varias organizacións en todo o mundo, mantense a moratoria sobre a tecnoloxía Terminator, e mesmo a ONU instou aos gobernos a prohibir os ensaios e a súa comercialización despois da reunión



COAG, Amigos da Terra e Plataforma Rural foron algunhas das organizacións participantes

do Convenio da Biodiversidade de Curitiba (Brasil).

Da exposición sobre zonas ceibes de transxénicos responsabilizáronse tamén "Amigos da Terra". A responsábel da área de OXMs

desta organización, e técnica da área de Medio Ambiente de ENHE/COAG, falan de seguir creando zonas ceibes como sistema de presión.

No Estado español, Asturias e País Vasco xa se de-

clararon como países ceibes de organismos manipulados, do mesmo xeito que algúns concellos e comarcas andaluzas e catalanas. Esta iniciativa tamén se está a traballar nas Illas Canarias.

Accións a desenvolver nos eidos político, social e da comunicación

Na posta en común, chegouse a conclusión de adoptar unha postura de total oposición contra os transxénicos, xa que poñen en perigo o modelo de agricultura labrega e sostíbel.

Neste senso, acordáronse catro liñas de actuación: política; social; medios de comunicación; e zonas ceibes de transxénicos, con traballo político desenvolto a nivel europeo. Velaí as accións acordadas dentro desta estratexia de oposición aos OXMs:

No eido político:

- Solicitar a total anulación das autorizacións de variedades rexistradas e dos cultivos experimentais no Estado, amais de suspender toda autorización de cultivos transxénicos.

- Esixir normas de anti-contaminación e responsabilidade ambiental públicas, deseñándoas de tal xeito que non sexan operativas co cultivo de OXMs.

- Solicitar a posición do Estado en canto á tecnoloxía Terminator, tal e como se está a facer noutros países.

- Solicitar do Goberno un estudio sobre a

situación e o impacto dos transxénicos no Estado español despois de oito anos de cultivo.

- Todo isto a maiores do traballo desenvolto por cada organización no seu entorno directo.

No eido social e medios de comunicación:

- Manter unha resposta rápida e fluída aos medios de comunicación e dar resposta a todos os artigos que teñan que ver con OXMs, traballando de xeito que se manteña un nivel de información para de cara á cidadanía.

- Asistencia a todos os foros e eventos sobre OXMs que teñan público como xeito de contrarrestar as grandes campañas das empresas biotecnolóxicas.

En relación o traballo na Unión Europea falouse de:

- Romper o consenso de que o Estado español é un exemplo de coexistencia e solicitar que non haxa axudas para sistemas produtivos que traballan con transxénicos.

- Requisito para recibir as axudas agroambientais: que non se utilicen OXMs.

Reafirmación do SLG versus incumprimento das promesas do PSOE

Tendo en conta que a coexistencia só se contempla dende o punto de vista económico, sen ter en conta efectos que a longo prazo poden ser irreparables como a perda da biodiversidade agrícola ou danos ao medio ambiente e á saúde, a posición do Sindicato Labrego Galego é de rotunda oposición, xa que os OXMs van totalmente en contra dos intereses dos labregos e do noso medio rural.

Dende o SLG, queremos lembrar a cidadanía e a labregos e labregas algúns dos compromisos electorais que os seguintes gobernos fixeron en referencia aos transxénicos:

- **Programa electoral PSOE, Marzo 2004:** "Proponemos unha política de OXMs baseada na transparencia, no dereito dos consumidores a elixir (...) na información sobre campos con rexistros públicos".
- **Programa do Goberno, política agraria e de desenvolvemento rural do BNG:** "O Goberno galego promoverá a prohibición total dos cultivos transxénicos, e a prohibición do uso de farináas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos, garantindo un sistema de control eficaz".

O SLG seguirá denunciando e traballando para que o dereito a Soberanía Alimentaria no noso país sexa unha realidade, do mesmo xeito que a liberdade de labregos e labregas a elixir o modelo produtivo, mantendo así de forma activa e viva a nosa cultura e patrimonio.

Axudas a programas de mellora técnica e desenvolvemento sustentable dos procesos produtivos agrícolas

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas agrarios para a mellora técnica e desenvolvemento sustentable dos sistemas produtivos agrícolas, así como a súa convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrència competitiva.

As normas contidas nesta orde son de aplicación aos seguintes programas de incentivos:

1. Programas agrarios para a mellora dos procesos produtivos agrícolas.
2. Programas agrarios especiais que comprenden:
 - 2.1. Promoción de iniciativas de desenvolvemento coa creación de actividades alternativas ou complementarias das explotacións.
 - 2.2. Creación e mellora de empresas de servizos agrarios.
 - 2.3. Fomento da produción integrada, da agricultura ecolóxica e doutros programas sanitarios e técnicas de respecto ambiental. Dentro desta sección terceira do capítulo III, prevense as seguintes liñas de axuda:
 - 2.3.I. Programas de defensa sanitaria dos cultivos.
 - 2.3.II. Programas de control integrado dos patóxenos dos cultivos a través de agrupacións para tratamentos integrados en agricultura (Atria)
 - 2.3.III. Fomento da produción integrada.
 - 2.3.IV. Fomento da agricultura ecolóxica.

O prazo para realizar solicitudes remata o 5 de xuño de 2006.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Axudas a favor dos gandeiros afectados por ataques de lobo a reses de especies bovina, ovina e caprina.

Poderanse acoller a estas axudas os propietarios das devanditas reses, que estean cercadas ou protexidas por medio de pastores ou doutros medios que permitan o control do gando. O gando deberá estar identificado e saneado de acordo coa nor-

mativa aplicable para o efecto.

Para cada exercicio económico concederanse axudas con cargo a este polos danos ocasionados polo lobo, desde o 1 de outubro do ano anterior ata o 30 de setembro do devandito exercicio.

O dano deberá comunicarse nas 24 horas seguintes ao ataque ao teléfono 900 18 61 86.

Prestación económica de pagamento único por fill@ menor a cargo

Poderán ser beneficiarias da prestación aquelas persoas que teñan ao seu cargo fill@s menores de tres anos na data 1 de xaneiro de 2006 (nados entre o 2-1-2003 e o 1-1-2006).

Quedan excluídas das axudas as unidades familiares con ingresos considerados de forma individual

ou conxunta que superasen, no exercicio do 2004 do IRPF, os 22.000 euros.

A prestación consistirá nun pagamento único de 360 euros por cada un dos fill@s menores que as persoas beneficiarias teñan ao cargo.

O prazo para solicitar estas axudas remata o 29 de maio de 2006.

Programas de promoción e divulgación do cooperativismo

Esta orde ten por obxecto promover e divulgar o cooperativismo, a través dos seguintes programas:

- Programa I: impulso de proxectos empresariais cooperativos.
- Programa II: adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Programa III: fomento e consolidación do asociacionismo.
- Programa IV: actividades de pro-

moción do cooperativismo.

-Programa V: fomento do acceso á condición de socio traballador.

-Programa VI: apoio ás coooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social.

O prazo de presentación de solicitudes para os programas I, II, IV, V e VI rematará o 30 de xuño de 2006. O prazo de presentación de solicitudes para o programa III rematará o 29 de maio de 2006.

Prorrogan o prazo de presentación de solicitudes para o pagamento único e outras axudas directas á agricultura e gandería ata o 15 de maio de 2006

Axudas á apicultura

Esta orde ten por obxecto establecer as bases dun réxime de axudas en concorrència competitiva para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Serán accións subvencionábeis a prestación de información e asistencia técnica, a loita contra a varroase, a racionalización da transhumancia, o establecemento de medidas de apoio para a análise do mel, e a repoboación da cabana apícola. O prazo de solicitude destas axudas remata o 20 de maio de 2006.

Axudas para a renovación do parque de tractores de Galiza

Axudas para mercar tractores novos e desfacerse dos vellos. Houbo cambios de requisitos con respecto a anos pasados.

O prazo de solicitude remata o 25 de maio. Más información nas oficinas do SLG.

Axudas á silvicultura en bosques do medio rural galego

Constitúe o obxecto desta orde establecer as bases e convocar para o ano 2006 as axudas á silvicultura en bosques no medio rural, en réxime de concorrència competitiva.

O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio forestal de Galiza, con exclusión de: bosques ou outras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica, os bosques e outras superficies forestais propiedade da Coroa, ou os bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50% do seu capital pertenza a algunha das institucións citadas.

Poderán ser beneficiarios titulares de terreos forestais, ben sexan persoas físicas ben jurídicas de dereito público ou privado, e agrupacións de titulares formadas por un mínimo de 2 membros.

O prazo para solicitar estas axudas remata o venres 12 de maio de 2006.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Adxudicación de prazas nas escolas infantís de Vicepresidencia

Esta orde regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís de 0 a 3 anos dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2006 / 2007. Na orde aparecen os requisitos de idade, ingresos económicos, criterios de adxudicación, horario e calendario das escolas, etcétera.

O prazo para a presentación de solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso será do 28 de abril ao 10 de maio. Máis información en calquera oficina do SLG.

Axudas ao alumnado para a adquisición dun ordenador persoal en 2006:

Axudas para quen adquira un ordenador persoal de primeira man entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2006. Poderán solicitar as axudas os pais, nais ou titores legais de alumn@s de quinto ou sexto de primaria; e primeiro ou segundo de ESO. Prazo ata o 22 de maio.

Axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrència competitiva, das axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia, abrangendo algunha das accións seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñedos.
- c) Melloras das técnicas de xestión do viñado.

As solicitudes de axuda presentaranse entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2006.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Volkswagen Vento, en bo estado, do ano 1992. 168.000 Qms. Gasolina. ITV pasada. Chamar ao 981 797 225

Véndense

Tuias para peches de fincas. Tamaño entre 80 e 120 centímetros. Prezo segundo pedido. Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003

Véndese

Máquina picadora de millo de un rego, marca CLAAS. Con tres campañas. Chamar ao 981 196 769

Véndese

Sala de muxido de 4 puntos. Preguntar por Francisco no 982 160 657 ou no 647 172 807

Véndese

Circuíto de muxir WESTFALIA, de 6 puntos e con lavadora automática. En Cartelle (Ourense). Preguntar por Pepe no teléfono 988 491 441.

Véndese

Cisterna de 6.000 litros seminova. Chamar ao 981 789 547

Véndese

Aparello de aire acondicionado FRÍO.RIAS, de 2.000 frigorías. Preguntar por Otilia no teléfono 982 242 464.

Véndense

-3 xovencas frisonas de leite, preñadas.
-Autocargador-segador JUS-CAFRESA J-15.
Chamar ao 981 490 206.

Véndese

Carro mesturador TATOMA Bravo, 10 m3, horizontal, con cazo de carga. Seminovo, con poucas horas de traballo. Prezo a negociar. Chamar ao 981 699 224

Véndese

Cuba de viño de 1.000 litros de poliéster. Preguntar por Miguel no teléfono 982 175 733.

Véndese

Autocargador-picador marca POTTINGER Europrofi 1. Máis información nos teléfonos 982 164 075 e 699 054 057.

Véndense

Dous tanques de leite, xuntos ou por separado. Un de 450 litros e outro de 300 litros. Chamar ao 981 483 144.

Véndese

Empacadora marca GALLIG-NANA, de tres anos. Chamar ao 675 412 618

Véndense

-Rotativo de 15.
-Fresadora de 1'90.
Chamar ao 982 164 333 ou ao móbil 608 088 249.

Véndese

Autocargador CALAGRI. Preguntar por Francisco no 647 172 807.

Véndese

Autocargador BEVILACQUA, en perfecto estado. Chamar ao 982 349 163.

Véndense

-2 touros de raza Cachena.
-3 ponis.
Chamar ao 679 890 628.

Véndese

-Cisterna GALAGRI de 7.000 litros, con eixo tándem e ballestas. O eixo é posterior e autodireccionable. Preguntar por Xoán no teléfono 616 969 622.

Véndense

-Remolque autocargador semipacador CLAAS 300 K, de 1995. Matriculado.
-Cisterna COMPAR de 2.500 litros. Preguntar por Pablo no teléfono 629 613 924.

Véndese

Xovenca de raza Rubia, preñada. Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249.

Véndense

-Ciclomotor en boas condicións.
-Cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Regadío con motor con carro LANDINI de 26CV, 48 tubos de 3 polgadas, 20 aspersores, 3 tapóns, 2 tes e 1 alcachofa. En Xinzo de Llimia (Ourense). Chamar ao 651 135 277

Véndese

Autocargador rotativo marca MORRA. 2 anos de uso. Chamar ao 982 163 465.

Véndense

-Sala de muxido marca WESTFALIA con 4 puntos, 2 medidores, descarga e lavado automático.
-Tanque de frío de 650 litros marca HAPY. En Vilalba (Lugo). Chamar ao 982 527 406

Véndese

Fresa AGROTOR 1'60. Chamar ao 982 502 280

Véndese

Rastrillo marca CHAS modelo 470, con tres campañas. Chamar aos teléfonos de contacto 982 330 487 e 626 991 660.

Véndese

Muíño de pedra eléctrico. Chamar ao 981 195 166.

Véndense

22 vacas nutrices. Preguntar por Muñiz no teléfono 625 527 874.

Véndese

Tanque de frío marca HAPY, con capacidade de 1.000 litros. Bo prezo e excelente estado. Preguntar por Plácido no teléfono 699 396 604

Véndese

Tanque de frío de 500 litros. Chamar ao 636 068 042.

Véndese

Moto de monte RIEJU 50 RR, en bo estado. Chamar ao 982 170 672.

Véndese

-Remolque para tractor pequeno, en bo estado e de prezo asequible.
-Forno de pedra en bo estado. Preguntar por Pedro no teléfono 630 818 278

Véndese

-Trigo trimesino.
-Egua branca e marrón. Chamar ao 655 454 367.

Véndese

-Furgoneta MERCEDES BENZ.
-Dous invernoiros. No Concello de Somozas. Chamar ao 981 419 133 e ao móbil 686 490 023.

Véndense

Xovencas Frisonas. Chamar ao 982 164 477

Véndese

Circuíto de muxido de tres puntos marca WESTFALIA, con lavado automático. Preguntar por Xosé no teléfono 982 137 615.

Véndense

Cinco vacas rubias marcadas. Chamar ao 689 752 400.

Véndese

Autocargador MAGAL, de 22 metros, unha coitela, e con descargue hidráulico. Chamar ao 982 160 266.

Véndese

-Rotativa CLAAS de 1'85.
-Carro mesturador.
-Tractor John Deere 2135 con pa. Chamar ao 628 071 424

Véndense

-Tractor JOHN DEERE 6310, con 800 horas.
-Empacadora GALLIGANE con picador.
Preguntar por Antonio no teléfono 649 104 496

Véndense

-Limpadoras.
-Un muíño de tractor. Chamar ao 982 175 132

Véndese

Tractor JONH DEERE 2140 con dobre tracción. Importado, matriculado aquí, en perfecto estado de uso. Preguntar por Manolo nos teléfonos 981 571 722 ou 676 410 981

Véndese

Estendedor espaxador de herba (tamén hileras) marca PZ VICON HS 360. En bo estado. Chamar aos números de teléfono 981 699 226 ou 626 285 992

Véndense

-Segadora marca BCS, de 4 rodas, encendido electrónico.
-Segadora BERTOLINI Moto Agro, de 3 rodas. Chamar ao 660 740 593

Véndense

-Tractor JOHN DEERE 6629 Premium, de 3 anos e 3.500 horas de traballos agrícolas.
-Sementadora de millo SEMEATO SPE5 de 5 liñas de sementeira directa. 2 anos. Chamar ao 676 190 100

Véndese

Touro de raza Rubia, de tres anos e medio. Chamar ao 619 937 274

Véndese

Espaxador de silo ZAGA, con só unha campaña de traballo (foi mercado o ano pasado). Chamar ao 666 667 445, a partir das 20:00 horas.

Véndense

-Autocargador rotativo marca CALAGRI, seminovo.
-Segadora marca BERTOLINI Chamar ao 981 787 013

Véndese

Picador seminovo KRÖHNE, de 28 m. de capacidade. Chamar ao 982 164 443

Véndese

Vaca de raza Cachena de tres anos. Chamar ao 982 314 118

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL, en perfecto estado. Chamar ao 981 796 590

Véndense

Tubos de protección de cepa para plantacións de viño. En Eiras, San Amaro (Ourense). Chamar ao 637 971 148

Véndense

Rulos e pacas de herba seca. Chamar ao 981 681 103

Véndense

-Fariña de trigo para facer pan.
-Salvado para o gando. Chamar ao 619 176 066

Véndese

Autocargador picador CLAAS, modelo Sprint 445 P. Chamar ao teléfono 981 164 051 e ao 660 442 783

Véndese

Circuíto de muxido de 4 puntos, marca SAC. Chamar ao 981 788 236

Véndense

-Tractor de 130 CV, seminovo.
-Tolva de penso para tractor. Chamar ao 650 158 948

COMPRAS

Mércase

Tractor articulado de 30 a 60 CV. Preguntar por Francisco no 647 172 807.

Mércase

Máquina de calibre pequena. Chamar ao 630 640 136

Mércase

Sistema de limpeza por cable para cortes. Chamar ao 982 164 045

Mércase

Tractor pequeno. Preguntar por María Xesús no teléfono 699 348 754

Mércase

Tanque de frío de 3.000 litros de capacidade. Chamar ao 982 164 045

OUTROS

Precisase

Traballador/a para explotación agraria entre Xermade e As Pontes Chamar ao 627 950 681.



Anúnciese!

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Sabes como sabe?
Suprema,
de Ternera Gallega



Disfruta  Suprema